SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas a este expediente de recoñecemento extraxudicial indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, comprometendo e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2017 indicadas na antedita táboa. “

Sen máis intervencións sométese a proposición a votación pola Alcaldesa e o Pleno municipal por maioría absoluta con 8 votos a favor ( 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, 1 do membro non adscrito e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG ) e con tres abstencións dos tres concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE , **ACORDOU:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAhOUmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**PRIMEIRO.-** Levantar reparo da secretaría intervención de data 24/04/2017 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

**SEGUNDO.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas a este expediente de recoñecemento extraxudicial indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, compromento e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2017 indicadas na antedita taboa.

Resultado: Maioría absoluta

Estado Proposición: Aprobada

**9.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS**

Explica Secretaría que por erro este punto obrigatorio na orde do día das sesión plenarias non apareceu como tal .

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 217/02/2017 a 24/04/2017, número 46 a 130.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún membro desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas. Solicita a Alcaldesa á Secretaría á lectura da moción presentada polo seu grupo municipal en data de hoxe , que a continuación se reproduce literalmente previa aceptación por unanimidade con 11 votos a favor de tódolos/as concelleiros/as presentes na sesión da urxencia:

**“MOCIÓN URXENTE**

exp. 2017/G006/000006

**PROPOSICIÓN CONVENIO SUBVENCIÓN NOMINATIVA FESTIVAL DE LA LUZ 2017.**

Vista solicitude de subvención nominativa presentada en data 25/04/2017 con rexistro de entrada 953 e con informe de secretaría intervención de data 25/04/2017 en relación coa existencia de crédito orzamentario e procedemento e contido de convenio para outorgamento de subvención nominativa.

Considerando que para a celebración do Festival en setembro danse razóns de urxencia para elevar como moción este acordo ó Pleno municipal, solicitando que se acepte o seu debate e votación en aplicación do artigo 91.4 do RD 2568/1986 de 28 de novembro.

Considerando que se dan razóns suficientes de interese público que xustifican o outorgamento de subvención nominativa ( exceptuando os principios de concorrencia, publicidade igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do Regulamento sendo a promotora do Festival a filla predilecta deste Concello Dª Luz Casal Paz que leva o Nome deste Concello alá onde está e a súa Asociación sen ánimo de lucro a encargada do Festival que se celebra en parcela da súa propiedade cuxo dereito de usufructo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAhOUmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

cedeu a este Concello sen que por concorrencia se puidese conseguir outra figura con esta relevancia no Concello e no ámbito nacional e internacional a que outorgar esta subvención para celebración do Festival de la luz ) xa prevista orzamentariamente na partida 334.48000 á Asociación Cultural Festival de la Luz con CIF G- 70483425 para a edición Festival de la luz 2017 por importe de 80.000€.

Proponse que o Pleno municipal ACORDE:

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais indicadas nos considerandos deste decreto que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención non sendo posible promover a concorrencia publicidade
2.- Aprobar a subscrición dun convenio coa Asociación Cultural Festival de la Luz con CIF G-70483425 correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Festival de la Luz Cosecha 2017 , por importe de 80.000 €, cun orzamento subvencionado de 385.102,00€, segundo solicitude de subvención con entrada neste Concello nº953 en data 25/04/2017 co texto de convenio que se adxunta o seguinte acordo tal e como segue literalmente:

"Convenio entre CONCELLO DE BOIMORTO e a Asociación Cultural Festival de la Luz con CIF G-70483425 para financiar os gastos do Festival de la luz Cosecha 2017"

Na Coruña, Boimorto na Casa Consistorial do Concello de Boimorto da Coruña REUNIDAS:

Dª Mª Jesús Novo Gómez, Alcaldesa do Concello de Boimorto con DNI nº 44814623C

Dª Luz Casal Paz Presidenta da Asociación Cultural Festival de la luz con DNI nº 11369479G

As comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas MANIFESTAN que a Asociación Cultural Festival de la Luz con CIF G-70483425 organiza desde 2012 no termo municipal de Boimorto anualmente o Festival de la luz comprometido coa difusión da nosa cultura ,a reactivación do medio rural e con fins de interese social e público proposta de carácter lúdico, comprometida co medio rural potenciando dito medio como espazo de oportunidades e , comprometido socialmente , sendo fiestra a iniciativas e proxectos innovadores relacionados coa artesanía , gastronomía novas tecnoloxías, que da visibilidade internacional a produtos, tradicións, iniciativas e asociacións da provincia da comarca e do Concello con mercado divulgativo , fiestra do noso Concello cultura tradición e costumes solidario co noso rural promotor turístico do Concello de Boimorto e reactivador do seu comercio e actividade .

O Concello de Boimorto e competente para a colaboración prevista neste convenio, , de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril artigo 25.2h) 25.m) , tendo en conta como competencias propias ó amparo da lexislación sectorial autonómica en materia de turismo e cultura a competencia local para información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local e a promoción da cultura e de equipamentos culturais e que o fomento e apoio a este Festival entra dentro do exercicio de ditas competencia propias municipais considerando a relevancia da celebración dun evento destas características ano tras ano neste termo municipal no que participan veciños e asociacións deste termo municipal .

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAhOUmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dado o interese coincidente do Concello coa Asociación Cultural Festival de la luz , ambas partes ACORDAN Formalizar o presente convenio de colaboración conforme a as seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre el Concello de Boimorto e a Asociación Cultural Festival de la luz para subvencionar la edición del Festival del 2017 que se celebrará en este termo municipal os días 8,9 e 10 de setembro de 2017.

II.- PRESUPOSTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA a Asociación Cultural Festival de la luz sen ánimo de lucro levará a cabo as actividades programadas conforme co seguinte presuposto:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAhOUmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE BOIMORTO** (A CORUÑA)
Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**ORZAMENTO**

| 600 Compras de bens destinados á actividade (non inventariable) | SEN IVE | IVE | CON IVE |
|---|---|---|---|
| Materiais de decoración e ambientación | 3.700 | 777 | 4.477 |
| Materiais de hostelería | 2.000 | 420 | 2.420 |
| Pulseras, layer e acreditacións | 1.800 | 378 | 2.178 |
| Outros | 900 | 189 | 1.089 |
| **TOTAL** | **8.400** | **1.764** | **10.164** |
| | | | |
| **622 REPARACIÓNS E CONSERVACIÓNS** | | | |
| Reparacións casetas | 1.200 | 252 | 1.452 |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | **1.200** | **252** | **1.452** |
| | | | |
| **623 SERVIZOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES** | | | |
| Stage Manager | 3.000 | 630 | 3.630 |
| Representantes de artistas | 4.000 | 840 | 4.840 |
| Plan de seguridade e evacuación | 3.000 | 630 | 3.630 |
| Asesoría legal | 1.600 | 336 | 1.936 |
| Xestoría | 1.500 | 315 | 1.815 |
| **TOTAL** | **13.100** | **2.751** | **15.851** |
| | | | |
| **625 PRIMAS SEGUROS** | | | |
| Seguro de responsabilidade civil | 600 | | 600 |
| Accidentes colectivos | 150 | | 150 |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | **750** | **0** | **750** |
| | | | |
| **627 PUBLICIDADE E PROPAGANDA** | | | |
| Campaña de promoción en Radio | 4.500 | 945 | 5.445 |
| Pegada de carteis e reparto de folletos | 500 | 105 | 605 |
| Axente de prensa | 1.500 | 315 | 1.815 |
| | | | |
| **TOTAL** | **6.500** | **1.365** | **7.865** |
| | | | |
| **628 SUBMINISTRACIÓNS** | | | |
| Combustible | 1.200 | 252 | 1.452 |
| Electricidade | 25.000 | 5.250 | 30.250 |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | **26.200** | **5.502** | **31.702** |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAh0UmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE BOIMORTO** (A CORUÑA)
Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**CONCELLO DE BOIMORTO** (A CORUÑA)
Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

| | | | |
|---|---|---|---|
| **629 COMUNICACIÓNS E OUTROS SERVIZOS** | | | |
| Telefonía e mensaxería | 800 | 168 | 968 |
| Actuacións dos artistas | 72.000 | 15.120 | 87.120 |
| Outras actividades no recinto (zona infantil, películas, etc.) | 4.000 | 840 | 4.840 |
| Aloxamento | 12.000 | 1.200 | 13.200 |
| Viaxes | 9.500 | 950 | 10.450 |
| Catering | 3.000 | 300 | 3.300 |
| Aluguer de equipos de son, luces, backline e pantallas led | 35.000 | 7.350 | 42.350 |
| Aluguer de escenarios e carpas | 47.000 | 9.870 | 56.870 |
| Aluguer de casetas, baños e taquillas | 15.000 | 3.150 | 18.150 |
| Aluguer vallas e carretillas elevadoras | 9.000 | 1.890 | 10.890 |
| Aluguer de vehículos | 300 | 63 | 363 |
| Oranización de backstage, barras, camping, parking e cambio de monedas | 27.000 | 5.670 | 32.670 |
| Seguridade privada | 14.000 | 2.940 | 16.940 |
| Deseño de materiais de propaganda | 2.700 | 567 | 3.267 |
| Imprenta | 6.000 | 1.260 | 7.260 |
| Realización imaxes dos concertos | 3.000 | 630 | 3.630 |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | **260.300** | **51.968** | **312.268** |
| | | | |
| **640 SOLDOS E SALARIOS** | | | |
| Personal coordinación de escenarios | 500 | | 500 |
| Personal do banco de moedas e taquillas | 900 | | 900 |
| Personal de carga e descarga | 1.500 | | 1.500 |
| Personal da zona infantil | 300 | | 300 |
| Personal supervisión de barras | 300 | | 300 |
| Persoal auxiliar | 250 | | 250 |
| **TOTAL** | **3.750** | **0** | **3.750** |
| | | | |
| **642 SEGURIDADE SOCIAL** | | | |
| Seguridade Social (Cuota empresa) | 1.300 | | 1.300 |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | **1.300** | **0** | **1.300** |
| | | | |
| **650 TRANSFERENCIAS** | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | **0** | **0** | **0** |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | **321.500** | **63.602** | **385.102** |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAh0UmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE BOIMORTO** (A CORUÑA)
Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**INGRESOS PREVISTOS**

| | |
|---|---|
| **FONDOS PÚBLICOS** | **183.000,00** |
| DEPUTACIÓN DE A CORUÑA | 80.000,00 |
| CONCELLO DE BOIMORTO | 80.000,00 |
| AGADIC | 23000 |
| **FONDOS PRIVADOS** | **202.102,00** |
| FONDOS PROPIOS | 15.102,00 |
| PATROCINIOS | 78.000,00 |
| VENDA DE COMIDAS E BEBIDAS | 30.000,00 |
| VENDA DE MERCHANDISING | 5.000,00 |
| APARCADOIRO | 24.000,00 |
| ALUGUER DE ESPAZOS | 50.000,00 |
| | |
| | |
| **TOTAL** | **385.102,00** |

III.- FINANCIACIÓN MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. O Concello de Boimorto ( A Coruña ) contribuirá ó financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 80.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 20,77. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, o Concello só aportará o importe que represente o 20,77% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata conseguir o importe total do presuposto da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) .

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ó 75 por cento do presuposto revisto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e se perderá o dereito ó seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 334..48000 Promoción Cultural para institución sen ánimo de lucro. na que a Secretaria Interventora municipal certificou que existe crédito suficiente sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAhOUmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4. A subvención do Concello é compatible coa percepción de outras subvenciones ou axudas, públicas ou privadas, para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total del gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ó apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia o subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Festival de la luz Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 de la Lei 38/2003, del 17 de novembro, Xeneral de Subvenciones.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Asociación Cultural Festival de la luz tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle ó Concello un exemplar del proxecto modificado.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello de Boimorto.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obrigación.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA MUNICIPAL.

A achega do Concello seralle abonada á Asociación unha vez que se presente a seguinte documentación:

.-Memoria de actuación final , subscrita polo representante legal. xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.-Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello de Boimorto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAh0UmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

.- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.-Certificación da conta bancaria.

.-Deputación. Proba do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento municipal, tal como están descritas na cláusula primeira realizáranse na anualidade 2017 edición Festival da luz días 8,9, 10 de setembro

2. Unha vez finalizadas as actividades, a Asociación deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 30 de novembro de 2017.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de Subvencións poida corresponderlle.

4. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Festival da luz na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Festival da luz terá dereito ao abono dos intereses de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación Cultural Festival da luz deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña co Concello de Boimorto e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando ó Concello para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias co Concello será determinada por este de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAh0UmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. A Asociación Cultural Festival da luz destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Festival da luz deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos ós gastos xustificados e ós ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Segundo acordo plenario de sesión celebrada en xuño de 2016 este expediente será remitido á Excma. Deputación Provincial da Coruña para control financeiro reintegro e sancións no seu caso . A realización dun control financeiro sobre a subvención paga, ten como finalidade acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Festival da luz queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas

XII.- INCORPORACIÓN Ó REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Festival da luz serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAh0UmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Festival da luz será publicada .

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo ós efectos de imputación dos gastos e abarcará os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á devandita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2017, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación Cultural Festival da luz non poida ter presentada a xustificación antes do día 30 de novembro de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que o Concello poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, o Concello poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2017. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a Asociación Cultural Festival da luz perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada en dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e despois dos informes pertinentes de Secretaría Intervención , o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeneral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Alcaldía , logo dos informes previos preceptivos de Secretaria Intervención

. 3. Corresponderanlles ós órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir a consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ________ E en proba de conformidade, asinan un exemplar cuadriplicado do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.
Boimorto, 24 de abril de 2017

A alcaldesa - presidenta,"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAhOUmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE BOIMORTO** (A CORUÑA)
Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Sinala a Alcaldesa que se trae o Pleno o convenio para aprobación antes de sinatura con Luz Casal e que ten que cumprirse para o pago de subvención.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas expón que se financian 80.000€ sen contraprestación a favor de Boimorto e dos seus veciños o que considera inmoral.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con 6 votos a favor ( 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, 1 do membro non adscrito ) con dous votos en contra ( 2 en contra dos concelleiros do grupo municipal do BNG ) e con 3 abstencións ( dos tres concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE ) o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais indicadas nos considerandos deste decreto que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención non sendo posible promover a concorrencia e publicidade.

**SEGUNDO.-** Aprobar a subscrición dun convenio coa Asociación Cultural Festival de la Luz con CIF G-70483425 correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Festival de la Luz Cosecha 2017 , por importe de 80.000 €, cun orzamento subvencionado de 385.102,00€, segundo solicitude de subvención con entrada neste Concello nº953 en data 25/04/2017 co texto de convenio que se adxunta o seguinte acordo tal e como consta nos considerandos.

Resultado: Maioría absoluta

Estado Moción: Aprobada

Non tendo máis asuntos que tratar neste punto a Alcaldesa pasa o punto da orde do día de rogos e preguntas.

**10.-ROGOS E PREGUNTAS**

A Alcaldesa dálle á palabra os concelleiros/as que se indican para a realización de rogos e preguntas:

Dª Sandra Sánchez Iñíguez do grupo municipal do PSdeG_PSOE realiza os seguinte rogos e preguntas:

Roga que se fagan arranxos no parque da Gándara en relación con escaleiras do tobogán e escaleiras de acceso á pista moi altas . Tamén roga que se arranxen as aceras sen plaqueta así como redes nas porterías e que se poña sombra na zona infantil e se vacíen as papeleiras así como se arranxen a barandilla despegada e as farolas con cableado solto.

En relación coa piscina e campo de fútbol roga que se peche e controle acceso e se arranxen mesas e bancos de pedra do merendeiro así como lavado de cara de zona infantil, e pide que se mire pola seguridade do tránsito peatonal e se retire morea de area alí dende hai dous anos.

Pregunta esta concelleira pola senda peatonal Boimorto ó Pedral como vai , tamén pola inclusión do Saneamento do Pedral e pregunta pola falta de participación de Boimorto no Rally da Terra da auga.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAhOUmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE BOIMORTO** (A CORUÑA)
Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAhOUmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Continúa preguntando que para cando os cursos de inglés, se se pediron dotacións infraestructuras por ser Boimorto camiño norte, reprocha a mala sinalización do camiño , roga que o cartel que sinaliza o albergue do Concello esté en varios idiomas pregunta se se van facer máis cousas no CEIP e se está a Alcaldesa pensando algo para aparcamento na Gándara xa que Tráfico está multando.

Reclama arranxo de pista en Franzomil que vai á Sobreira .

Dª Ana Ledo concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE realiza os seguintes rogos e preguntas :

Roga atencións polos servizos sociais de algúns domicilios que serán nomeados noutro contexto. Pregunta pola retirada de poste de luz en Orros resposta a Alcaldesa que si que xa se retirou que estaba tirado.

Roga en relación cao pista que baixa por frente da casa de Estebo unha sinalización de dirección única e que se poda conseguir reduzón de velocidade .

Roga que o concello informe sobre obrigas dos propietarios de xestión de biomasa vexetal cercana as casas informando dos procedementos a seguir con bandos no boletín.

Sobre a saída dos Casás no Mesón pide mellora. Resposta a Alcaldesa que veu á conselleira a quen lle pediu unha solución

Roga no lavadoiro de Orros arranxo de azulexos rotos e en Andabao sinalización máis precisa.

D. Abelardo Seoane Vázquez concelleiro do PSdeG-PSOE realiza os seguinte rogos e preguntas:

Roga ter en conta a necesidade de ter puntos de carga de auga regulamentarios para cargar legalmente como o que hai en Andabao cerca do Tambre que lle parece que é público .

Pide máis atención ó camiño. A Alcaldesa dille que van facer unha camiñata xunto co Vilasantar no novo tramo que inda non se inaugurou e que a senda da Pedreira a Boimil que era intransitable e xa está para usar.

.

D. Xosé Luis Rivas Cruz concelleiro do grupo municipal do BNG fai os seguintes rogos e preguntas:

Roga que se informe os veciños sobre consecuencias do uso de lodos de depuradoras xa que non se fixo. Di a Alcaldesa que o puxo en coñecemento da Xunta e que vai a informar o Técnico do Concello tamén no Boletín.

Continúa este concelleiro sinalando que os castiñeiros que se plantaron na zona de Sendelle na caseta de cazadores son grandes de máis e que os outros e necesario podalos xa que os polinizadores se non se podan non valen para nada.

Pregunta se houbo contactos coa Xunta para ver que facer coas rodas en silos .

Pregunta cando empezan as novas obras da residencia , o que resposta a Alcaldesa que o martes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

**CONCELLO DE BOIMORTO** (A CORUÑA)
Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Pide pintado de barandilla na rúa dende Manolo de Olga á casa da cultura e di que se teña en conta o perigo polo desnivel existente.

Roga que se tramite expediente para declaración da Telleira como espazo BIC ben de interese cultural se e que o Concello quere facer algo en materia de turismo.

Na Escola de Brates onde vila de auga perde roga amaño.

Roga que a Alcaldesa estude a situación dos cruces con contenedores o que resposta a Alcaldesa que xa solicitou amarres.

Advirte o concelleiro de obras ilegais no camiño de Santiago rogando que actúe a Alcaldesa facendo o que teña que facer

.

A concelleira Dª Raquel Val Vázquez fai os seguintes rogos e preguntas:

Roga o arranxo das suxeicións dos contenedores no cruce de Viladóniga.

Roga que se mire polo entorno da capela da Asunción nos Anxeles que está descoidado.

Roga arranxo buraco na estrada que sube cara a casa do Mineiro.

Roga que a pista de Porcelle a Rodieiros se arranxe , resposta a Alcaldesa que vaise arranxar .

Pregunta pola falta de transporte ó centro de maiores o luns de pascua .

Pregunta que se fai coas baixas do persoal da residencia facendo constar que hai moitas baixas.

Pide as contas de Magreco.

A continuación a Alcaldesa reposta os rogos e preguntas formulados .

Di a Alcaldesa que xa están previstos arranxos para parque da Gándara .

En relación có saneamento no Pedral sinala que foi todo presentado na Deputación .

Sobre o Rally da auga di que o comité organizador xa informou en reunión que este ano como non pasa o Rally por Boimorto senon por Arzúa Touro e o Pino pois farase a presentación aquí.

En relación cós cursos de inglés di que se están mirando.

Sinala que pensou en subvención da Xunta meter para sendeiro na Telleira pero como algún tramo non é público meteuse o de Vieite.

Sobre sinalización do camiño di que se contrataron pola Xunta e que están traballando e que lle parece importante e terá en conta as sinalizacións recomendadas na Gándara e no albergue.

Sinala que atende ás solicitudes do colexio e do consello escolar .

Di que falará con tráfico sobre o tema de multas na Gándara .

Di que a pista en Franzomil vai no POS inda que non en aglomerado.

Sobre a asistencia social a máis domicilios defende o traballo dos servizos sociais e pide que se lle informe sobre necesidades concretas en domicilios que non están atendidos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAh0UmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE BOIMORTO** (A CORUÑA)
Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Sobre pista casa de Estebo di que non cree que teña competencia o Concello para dita sinalización e que xa estiveron alí.

Sobre limpeza de fincas destaca desbroces polo Concello e limpeza en Anguieiro.

Sobre a Telleira di que o terá en conta que se fan reunións có xerente do Xacobeo e será necesario un plan de dinamización turística do concello e da comarca

Sobre saneamento no Pedral que vai a 400.000€ di que pediu cita coa Concelleira e non hai parcela para depuradora pero hai un sobrante.. di que está a traballar o tema.

Sinala que xa pediu amarres para contenedores.

Sobre capela dos Anxeles e o mal estado da marquesiña , di que foi informada por Deputación de que non van tocar as marquesiñas polo que mirará por ela por arranxo do seu teito .

Sobre burato casa Silvestre toma nota.

Sobre a falta de transporte o luns de pascua informa que librou o condutor e avisouse os usuarios.

En relación á xestión do persoal da residencia sinala que esta fixada reunión pero que as persoas de baixa xeralmente son cubertas.

Sobre gastos en Magreco informa que ascenderon a 22.415€ entrega á oposición copia de documento con gastos en Magreco.

Finalmente di ante a pregunta do concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas que xa está o STOP en Romelas e solicítalle informe sobre as obras en camiño de Santiago das que falou.

Ás 21:22 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Boimorto, xoves 27 de abril de 2017

| | |
|---|---|
| A alcaldesa,<br>MARIA JESUS NOVO GOMEZ | A secretaria,<br>Rebeca Vázquez Vazquez |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (NIF: 53167497F) (FECHA: 13/06/2017), María Jesús Novo Gómez (NIF: 44814623C) (FECHA: 13/06/2017)
Versión imprimible
CVD: mK8z1fZLRAh0UmFR6Q1c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.